
ATENCIÓN:

O presente regulamento de 1986 está parcialmente derogado polo regulamento do mercado municipal do Concello do Grove de 2013 (publicado no BOP de Pontevedra do 21/05/2013), conforme a disposición derogatoria que a continuación se transcribe:

"Regulamento do mercado municipal do Concello do Grove de 2013.

Disposición derogatoria. O presente regulamento derroga o regulamento dos mercados municipais aprobado en sesión plenaria de 4 de setembro de 1986 e modificado por acordo de 25 de abril de 2002, agás as disposicións específicas para os mercados semanais, contidas nos artigos 36 a 41 do dito regulamento".

REGULAMENTO DOS MERCADOS MUNICIPAIS

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.º—O Regulamento dos mercados ten por obxecto regular o funcionamento do servizo de abasto público no Concello do Grove, así como establecer o réxime administrativo deste.

ARTIGO 2.º—A competencia en materia de abasto público e o establecemento de mercados no municipio, correspóndelle ao Ilmo. Concello, de conformidade coas determinacións legais en vigor.

ARTIGO 3.º—O Concello poderá explotar os mercados, por si de xeito directo ou indirecto, ben por concesión, arrendamento ou concerto. En caso de explotación indirecta, esta quedará sometida ás disposicións do presente regulamento e ás súas estipulacións particulares.

ARTIGO 4.º—Nos casos moi excepcionais poderá o Concello conceder autorizacións para vender artigos propios do mercado fóra do recinto deste, a condición de que sexan sometidos puntualmente ao recoñecemento hixiénico-sanitario e fiscalización como se se tratase dunha dependencia da praza.

ARTIGO 5.º—Corresponderalle á Alcaldía, ou en quen delegue, ditar as disposicións concretas que non estean previstas neste regulamento; sen prexuízo das que teñen atribuídas nesta regulamentación a Comisión de Goberno e o Pleno.

ARTIGO 6.º—O horario de apertura e peche dos mercados axustarase ás disposicións da Alcaldía ou delegado, buscando sempre o mellor servizo do público.

ARTIGO 7.º—Todos os ocupantes dos postos ou compartimentos dos mercados acatarán as disposicións deste regulamento, así como os acordos da Corporación Municipal e as ordes da Alcaldía, no que se refire á materia de abastos, pagamento dos dereitos e taxas previstos na correspondente ordenanza fiscal.

II. OUTORGAMENTO DE CONCESIÓN

ARTIGO 8.º—A concesión do posto ou compartimento realizarase a través de poxa, seguindo as disposicións xerais que sinale para o efecto o Regulamento de servizos das corporacións locais; debendo en todo caso fixarse no correspondente prego de condicións da poxa a necesidade de prestar fianza provisional suficiente para concorrer a licitacións, de xeito que se garantan debidamente as posibles responsabilidades dos optantes. A concesión será para a venda dun produto ou produtos determinados e será potestade do Concello a autorización para o cambio de destino.

ARTIGO 9.º—Corresponderalle ao Concello en Pleno a aprobación dos pregos de condicións que han de determinar as bases de poxa, atendendo ás circunstancias imperantes en cada caso.

ARTIGO 10.º—A competencia para a adxudicación definitiva do posto, como resultado da respectiva poxa, así como do cambio de destino, vénlle atribuída ao Pleno, logo do informe, se é o caso, da comisión informativa correspondente.

ARTIGO 11.º—O dereito ao uso e aproveitamento dos postos ou compartimentos concedido será a título persoal e por tempo determinado.

ARTIGO 12.º—O prazo de concesión será de 10 anos, con prórrogas sucesivas de 10 anos, a solicitude da parte interesada, e ata un máximo de 50 anos, incluíndo o período inicial e as súas prórrogas.

As prórrogas que se concedan aboarán en concepto de dereitos o canon mínimo de iniciación da poxa incrementado no índice do custo da vida, que figure no custo xeral da vida, publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

ARTIGO 13.º—A prórroga a que alude o artigo precedente, se procedese, deberá ser solicitada con 30 días de antelación á caducidade da concesión e resolveraa a C. M. de Goberno.

ARTIGO 14.º—De concorrer á poxa o anterior concesionario dun posto que esgotase o período de prórrogas legais, terá ao seu favor para o posto que ocupaba o dereito de tenteo.

ARTIGO 15.º—Os concesionarios poderán ser titulares dun posto. Neste contexto enténdese a unidade familiar: muller e fillos menores de idade non emancipados.

ARTIGO 16.º—As taxas por ocupación dos postos ou compartimentos serán sinaladas pola correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa.

ARTIGO 17.º—Pódense transferir as licenzas dos postos interiores e compartimentos que forman parte do edificio da praza de abastos.

—Pódese transferir a licenza administrativa dun posto ou compartimento cando haxa un aproveitamento da concesión inferior a 40 anos e superior a dous anos e medio, e deberáselle comunicar previamente ao Concello.

—Tanto quen transfira a licenza administrativa como quen a reciba incapacítanse para concorreren a unha poxa ou posible transferencia en cinco anos.

—A persoa transferinte presentará as razóns que a inducen á transferencia, que serán consideradas pola Comisión de Goberno, que decidirá.

—A cantidade base para lle aboar ao Concello pola transferencia será do 20 por cento da cantidade media da última poxa realizada, incrementada coa porcentaxe media do índice do custo da vida no período de tempo transcorrido desde que se produciu a dita poxa.¹

ARTIGO 18.º—Non poderán ser concesionarios aqueles interesados que cesasen no aproveitamento dalgunha licenza en virtude dunha sanción imposta.

ARTIGO 19.º—Poderán revogarse as licenzas e outorgar a baixa en concesión polos seguintes motivos:

- 1) A petición voluntaria do interesado.
- 2) De oficio cando concorran algunha das causas previstas no artigo 34 deste regulamento.
- 3) Incumprimento do aboamento do canon mensual, durante un trimestre.
- 4) Falecemento do titular, sen esposa, fillos ou ascendentes.

En todo caso, a baixa acordarase pola Comisión Municipal de Goberno.

ARTIGO 20.º—En caso de falecemento ou xubilación do titular, a súa esposa/o, fillos ou ascendentes, poderán continuar coa explotación do posto ou compartimento, polo tempo que quede da concesión, debendo comunicarlle á Administración municipal, dentro dos 30 días seguintes ao falecemento ou xubilación, quen é o novo titular.

III.—RÉXIME E POLICÍA

ARTIGO 21.º—Do réxime e policía do mercado de abastos coidará o alcalde ou o seu delegado para este servizo.

ARTIGO 22.º—O concesionario do posto ou compartimento instalará auga potable e electricidade, facendo a acometida particular pola súa conta baixo a dirección dos servizos técnicos municipais.

Son obrigacións específicas dos concesionarios a perfecta conservación e limpeza dos locais, debendo realizar pola súa exclusiva conta todas as obras que require a instalación e explotación destes, debendo presentar os proxectos á aprobación da Corporación. Estas obras reverterán ao Concello sen indemnización ningunha.

ARTIGO 23.º—A Inspección Sanitaria de Mercados estará a cargo dos servizos veterinarios locais, que exercerá a vixilancia durante as horas que permanezan abertos ao público; así mesmo daranlle parte por escrito á Alcaldía das faltas, deficiencias e negligencias que se observen, suxerindo o medio máis adecuado para a súa inmediata corrección, todo isto de conformidade coa lexislación vixente.

ARTIGO 24.º—Corresponderalle aos membros da Policía municipal e con independencia das funcións que lles son propias:

- a) Prestar auxilio ao persoal do mercado, se son requiridos para iso.
- b) Coidar do mantemento do orde do mercado.

ARTIGO 25.º—O Concello, dentro da intervención que lle atribúe o artigo 18 do Regulamento de servizos das corporacións locais, resérvase a facultade de establecer postos reguladores para un ou máis artigos, en todos ou nalgúns dos mercados municipais, como medio de procurar a economía nos prezos e calidades en beneficio dos consumidores.

ARTIGO 26.º—O persoal afecto aos mercados será nomeado de conformidade coa lexislación vixente, dependendo

do xefe do servizo.

ARTIGO 27.º—O réxime polo que se establece o horario e circunstancias polo que haxan de rexerse os abastecedores de mercancías será fixado polo Concello e supervisado polo xefe do servizo.

IV—DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS CONCESIONARIOS

ARTIGO 28.º—Obrigacións xerais dos concesionarios:

1.º—Manter o posto aberto, realizando as transaccións autorizadas. O feito de permanecer o posto pechado durante un mes, sen causa xustificada, dará lugar a extinción da licenza e sen dereito a indemnización e procederá o Concello a unha nova adxudicación, mediante poxa.

2.º—Os vendedores deberán estar habilitados mediante posesión do carné de manipulador de alimentos.

¹ Este artigo foi aprobado como modificación da redacción orixinal no Pleno do 25/04/2002 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 212, do 05/11/2002.

3.º—Todos os postos deberán ter á vista do público o seu número e unha tarifa co prezo das diversas clases de artigos que neles se expendan, non podendo o concesionario ocultar ou negarse a vendelos, nin ter produtos alleos aos que está destinado o posto.

4.º—O posto deberá ser atendido polo titular da concesión, a súa esposa/o ou fillos e/ou ascendentes, que en todo caso deberán reunir os requisitos estipulados no presente capítulo. No caso de utilizar outro persoal, este deberá ser asalariado e o concesionario comunicarlle á Administración municipal os datos de afiliación, núm. de Seguridade Social e os documentos que acrediten a dependencia e, en todo caso, deberá presentar o núm. patronal de empresa.

5.º—O responsable sanitario da praza está facultado polo Concello para realizar as supervisións sempre que o considere oportuno sobre calquera produto alimenticio, estando o expendedor obrigado a facilitarlle mostras do produto se lle fosen requiridas.

6.º—O Concello terá á disposición dos usuarios unha báscula para servir de comprobación dos pesos.

7.º—O expendedor deberá usar báscula automática de lectura visible en perfecto estado de funcionamento que será revisada periodicamente polos servizos municipais independentemente doutros organismos.

8.º—Deberá tratar a todos coa debida urbanidade e moderación, sen dispensar preferencia para a orde de despacho, calidade e prezo dos xéneros, a non ser en casos exceptuados polas leis e a gardar entre si a maior compostura, absténdose de promover alborotos, discusións violentas e proferir palabras que poidan danar a imaxe ou a honorabilidade das persoas.

9.º—Os expendedores manterán durante o despacho na súa roupa e mans toda a limpeza que permita o servizo, debendo usar blusón, guantes e cofia, de ser o caso.

ARTIGO 29.º—Así mesmo, todos os titulares dos postos ou compartimentos, ou os que de conformidade con este regulamento os substitúan ou traballen para eles, deberán observar todas as regulamentacións técnico-sanitarias que afecten especificamente a cada produto.

ARTIGO 30.º—Obrigacións específicas segundo os postos ou compartimentos:

a) Prohíbese nos postos ou compartimentos desplumar aves e ter á vista do público os desperdicios dos produtos, así como realizar transaccións fóra deles.

b) Os produtos serán idóneos e deberán cumprir o disposto na lexislación vixente en concreto o Código alimentario e disposicións concordantes.

c) A entregar a calidade convida e o prezo xusto.

d) Queda prohibida a venda de caza e mariscos durante a época de veda.

e) Nos postos ou compartimentos venderanse exclusiva mente produtos destinados á alimentación humana.

ARTIGO 31.º—Dereitos dos concesionarios:

1.º—Á realización das transaccións que autoriza o contrato de concesión.

2.º—Ao abastecemento de mercancías, nas condicións sinaladas no artigo 27.

3.º—A solicitar dispensas no despacho por enfermidade ou motivos persoais. As peticións serán resoltas pola Alcaldía ou o delegado, cando as dispensas non pasen de dous meses, e pola Comisión Municipal de Goberno no caso de que excedan do dito tempo.

4.º—A solicitar prórrogas no prazo da concesión, sen que nunca poidan exceder do tempo máximo de 50 anos, conforme o artigo 12.

5.º—Á realización de obras no posto, cando a natureza deste así o permita, logo da autorización municipal.

V.—SANCIÓN

ARTIGO 32.º—Terán consideración de faltas leves:

1.º—Non manter en debidas condicións de conservación e limpeza os postos, panos, envolturas e demais utensilios, así como número de identificación do posto.

2.º—Exceder coas mercancías ou materiais as dimensións do posto ou compartimento.

3.º—Non usar blusón e guantes, e cofia, se é o caso.

- 4.º—Non deixar en perfectas condicións de limpeza a demarcación do posto no mercado semanal.
5.º—Manter no posto ou compartimento mercancías ou obxectos alleos á actividade autorizada neste.
6.º—O incumprimento sen causa xustificada do horario establecido, de conformidade co artigo 27.
7.º—As así consideradas nas regulamentacións técnico-sanitarias respectivas.

Sancionaranse as faltas leves con:

- Apercibimento.
- Sanción económica de conformidade coas leis vixentes na materia.

ARTIGO 33.º—Considéranse faltas graves:

- a) A reincidencia nas faltas leves en período semestral.
- b) A ameaza ou violencia de palabra en trato aos usuarios ou outros concesionarios ou funcionarios.
- c) Ter pechado o posto durante máis de 15 días sen causa xustificada, debendo notificarlle o motivo ao xefe do servizo da praza.
- d) Non ter as tarifas de prezos expostas ao público ou telas en deficientes condicións.
- e) Non atender persoalmente o posto, salvo que se contratase persoal para este, debidamente autorizado.
- f) Non usar a báscula ou usala sen axustarse ao apartado 7 do artigo 28.
- g) As así consideradas nas regulamentacións técnico-sanitarias respectivas.

Sancionaranse as faltas graves con:

- Sanción económica.
- Clausura do posto entre 1 e 15 días.

ARTIGO 34.º—Considéranse faltas moi graves:

- a) Reincidencia nas faltas graves, en un semestre.
- b) Realización de transaccións non autorizadas.
- c) Manter o posto sen realizar transaccións por máis dun mes, salvo autorización expresa da Comisión Municipal de Goberno.
- d) A violencia física no trato aos usuarios e funcionarios.
- e) As así consideradas nas regulamentacións técnico-sanitarias respectivas.

Sancionaranse as faltas moi graves con:

- Sanción económica.
- Clausura do posto ata dous meses
- Clausura definitiva do posto e revogación da concesión.

ARTIGO 35.º—O procedemento sancionador para as faltas leves será o seguinte:

- 1.—Recibido o parte do xefe de servizos ou a denuncia de parte, dando conta da infracción, notificaráselle a esta ao infractor para que no prazo de oito días presente cantas alegacións estime en defensa do seu dereito.
 - 2.—Á vista das alegacións ditarse unha resolución da Alcaldía ou do delegado na que se impoña a Sanción correspondente, axustándose en canto aos prazos á normativa vixente.
 - 3.—As sancións por faltas graves e moi graves serán impostas por acordo da Comisión Municipal de Goberno.
- O procedemento sancionador para as faltas graves e moi graves axustarase ao disposto nos artigos 133 a 137 da Lei de procedemento administrativo.

DISPOSICIONS ESPECÍFICAS PARA OS MERCADOS SEMANAIS

ARTIGO 36.º—Sen prexuízo de cumprir integramente este regulamento, os concesionarios de postos nos mercados semanais deberán satisfacer o canon de uso nas oficinas do Concello e por trimestres anticipados.

Os anteditos mercados terán lugar un día á semana, aquel que fixe a Comisión de Goberno, e no recinto que esta marque.

ARTIGO 37.º—Queda prohibida a venda de alimentos nos mercados semanais.

ARTIGO 38.º—Deberán ter no seu poder a **tarxeta** municipal para venda en mercados, que se facilitará polo Concello unha vez que se aboe a taxa de ocupación. Poderá ser renovada cada ano natural e deberá estar visible no acto de venda. Deberán axustarse en canto á súa actividade, ademais de ao previsto neste regulamento, decretos e demais normas da Alcaldía, delegado do servizo, Comisión de Goberno, que lles sexan de aplicación, ás disposicións reguladoras de venda ambulante. Prohíbese terminantemente a venda ambulante fóra do recinto autorizado.

ARTIGO 39.º—Para a obtención do mencionado documento deberán presentar:

- A) Escrito no que se solicite espazo, onde se especificará a actividade que se pretende desenvolver. En caso de poxa, especificará o destino.
- B) Fotocopia do documento nacional de identidade.
- C) Fotografía tamaño carné.

- D) Fotocopia da licenza fiscal (actividade)
- E) Fotocopia da licenza fiscal venda ambulante.
- F) Comprobante de efectuar o aboamento da taxa de ocupación e o que determine no seu día a ordenanza fiscal en concepto de tarxeta municipal.
- G) O Concello facilitará unha copia deste regulamento no referente a obrigacións e dereitos que o dito regulamento fixa para a venda ambulante.
- H) Ultimo recibo da Seguridade Social.

ARTIGO 40.º—Os concesionarios ou ocupantes dos postos nos mercados semanais teñen a obriga da asinar un compromiso de que, ao recolleren o posto, depositarán nun colector instalado para o efecto polo Concello todo o lixo ou os desperdicios que se produzan. O non cumprimento desta obrigación levará consigo a perda da «Tarxeta Municipal de Venda en Mercados do Grove».

ARTIGO 41.º—A Policía municipal procederá á retirada do posto se de forma clara non cumpre algunha das condicións dos artigos 27, 28, 29, 30, ou se non se presentase a documentación requirida para exercer o comercio.

DISPOSICIÓN FINAIS

- A) Para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto nas ordenanzas municipais para o réxime de Goberno deste municipio e disposicións vixentes na materia, así como bandos da Alcaldía-Presidencia.
- B) O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte daquel en que se anuncie no *Boletín Oficial da Provincia* a súa aprobación definitiva polo órgano competente na materia.
- C) A partir da entrada en vigor deste regulamento quedan derogadas cantas disposicións, bandos, regulamentos e acordos municipais se opoñan a el.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

1.—Os actuais concesionarios terán a obriga de cumprir as disposicións deste regulamento. En canto á duración da concesión estarase ao que dispoña o acordo e o contrato subscrito e, de non especificar duración, terá a duración de 10 anos, contados a partir da data do acordo. No prazo de seis meses o Concello disporá e dará a coñecer a lista dos concesionarios e a data en que caduca a súa concesión, así como os postos ou compartimentos para ocupar por estes.

2.—Os actuais concesionarios tamén deberán, no prazo dun mes a partir da vixencia deste regulamento, solicitar do Concello que o compartimento ou posto sexa posto ao seu nome, solicitude que será resolta pola Comisión de Goberno, sen prexuízo do aboamento da cota da licenza correspondente, das mensualidades que puidesen ter pendentes e do seu sometemento ás novas taxas que puidesen resultar como desenvolvemento do artigo 16.

3.—O Concello resérvase dous postos para as organizacións de produtores, por períodos de 10 anos renovables. Para o caso de concorrencia de máis de dúas das ditas organizacións, para a súa adxudicación seguirase o réxime previsto no artigo 8.º deste regulamento. As taxas por ocupación destes postos serán así mesmo sinaladas pola correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa. No suposto de que un ou ambos os dous postos quedasen desertos, estes poderán ser sacados a explotación indirecta, se ben por períodos de 5 anos, sen dereito a prórroga. En caso de concorrer dúas soas, pagarán a media das demais adxudicacións (art. 8 e 17). Os devanditos postos só poden ser transferidos a outra organización de produtores.

4.—A metade dos compartimentos dos mercados municipais estaralle reservada ao Concello para que a través deles directamente os produtores vendan os produtos de temporada. A taxa de ocupación será así mesmo obxecto de regulación na ordenanza fiscal reguladora da taxa.

5.—Prohíbese terminantemente a permanencia de usuarios con animais domésticos nos recintos dos mercados municipais.

O Grove, 3 de abril de 1986

PLENO: 04/09/1986

BOP: núm. 284, 10/12/1986

Modif. (art. 17): BOP de Pontevedra núm. 212, do 05/11/2002